

REUNIÓN MESA PREVIA Á MESA XERAL E COMISIÓN DE PERSOAL

Santiago de Compostela 15/12/2022

Na reunión de hoxe coa Dirección Xeral da Función Pública, en primeiro lugar expúxose o cronograma, un pouco apurado, previsto para a vindeira semana, do que se cita que o vindeiro luns seremos convocados para Mesa Xeral sobre os programas do persoal laboral da Lei 20/2021. Convocarase o Consello Galego da Discapacidade, tamén para o luns e ese mesmo día a Comisión de Persoal para a OPE 2022 ordinaria e a da Lei 17. O mércores convocarase Comisión de Persoal para levar á as OPES e convocatorias.

Sobre as **prazas**, aclara que serán remitidas coas convocatorias, publicándose na **web** por escalas ou categorías, segundo corresponda, aínda que non se abrirá prazo de alegacións sobre as mesmas, **calquera cuestión que se poda detectar errada, pode ser comunicada a Función Pública**, se ben o prazo de **presentación de solicitudes comezará o vindeiro 16 de xaneiro**, están abertos a modificar si é o caso.

Retíranse dos buzóns as 11 prazas do colectivo das 3 oportunidades da transitoria sétima do Decreto legislativo 1 /2008 do Texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia.

Sen concretar en que escalas ou categorías, informan que se inclúen 40 prazas máis das alegacións realizadas polas Consellerías e as Organizacións Sindicais.

O día 22 levarase a aprobación da OPE ao Consello da Xunta.

Sobre a **carreira profesional**, informan que a día de **hoxe están presentadas 17.000 solicitudes**, que o **pagamento dos atrasos** correspondentes ao ano 2022 será realizado **entre o día 10 e o 15 de xaneiro** do 2023, e que a maioría dos supostos cumpren os requisitos.

TEMARIOS:

Exponse as alegacións admitidas aos temarios propostos para os procesos de concurso-oposición.

UGT fai alusión ás alegacións presentadas e non admitidas, facendo fincapé en que:

Si ben os temarios da **Agrupación Profesional, C2 e C1** se ciñen a uns parámetros similares en contidos e número de temas, seguimos a reclamar que nestes subgrupos é necesario **acompañar con referencias bibliográficas**, en atención a que os **contidos** poden ser e son **extensos e pouco concretos**. Ao respecto dos subgrupos **A1 e A2**, si ben é certo que se modifican determinadas cuestións segue a existir unha **ampla variedade no número de temas**, recoñecemos que o acortamento de temas non implica redución de contido, pero debe analizarse baixo un parámetro homoxéneo para todas as escalas e especialidades, de conformidade aos niveis aos que se accede.

No caso concreto da **escala técnica de conducción (subgrupo C1)**. Entendemos que, dado o cambio de vehículos no parque móbil por vehículos eléctricos, no queda outra que atender a esa circunstancia e incrementar os contidos correspondentes ao temario, agora ben, requirimos se teñan en conta as propostas realizadas mediante as alegacións presentadas por esta organización, co fin de proceder a unha maior concreción dos temas e proceder á eliminación daquel contido que xa non ten cabida en motores actuais, debe desaparecer o obsoleto. Por outra banda, o tema, el 14 (riscos específicos asociados ao vehículo eléctrico) debe ser incluído no el tema 11 (medidas de seguridade no manexo de vehículos, incluíndo aquí ao eléctrico). UGT non comparte a exixencia da parte última do tema relativa á manipulación ou reparación de elementos do vehículo, en tanto que o propio decreto do parque móbil prohibe a citada manipulación.



OUTRAS CUESTIÓNS:

A preguntas desta organización responden que:

– CÓMPUTO DA DISCAPACIDADE NAS OPEs DE ESTABILIZACIÓN:

A porcentaxe do 7% obrigado por Lei, considerase global sobre toda a OPE. Están axustando cos Entes Instrumentais onde se sabe que pode existir persoal de afectación, en todo caso chegarase á dita porcentaxe entre a OPE ordinaria e extraordinaria.

– EXAME DE GALEGO NOS ENTES INSTRUMENTAIS:

Teñen a opción de decidir sumarse ao exame que realizará Función Pública ou formular o seu propio.

– PUBLICACIÓN DE BAREMOS DEFINITIVOS DA OPE SOCIAL:

Entre esta semana e a que ven contan poder publicar os de enfermería, psicoloxía e auxiliar de enfermería

– PRAZAS PARA ELECCIÓN DE DESTINO DE C2:

Intentarán publicalas na páxina web nos vindeiros días.

– CRITERIOS DAS OPEs DERIVADAS DA LEI 20/2021:

Manteñen o dito xa en reunións anteriores e que é que optan por publicalos na páxina web.

